

A sexta edición do Festival de Cine Inclusivo de Vigo incorpora unha sesión dedicada á igualdade

- Dentro desta sesión proxectarase a curta de Pedro Almodóvar 'La voz humana'
- Paula Cons estará presentando 'A Illa das mentiras', sobre as tres mulleres da illa de Sálvora que salvaron a 48 persoas dun naufraxio.

O Festival de Cine Inclusivo de Vigo non deixa de crecer e nesta sexta edición, que terá lugar do 12 ao 16 deste mes, **proxectará 54 pezas audiovisuais en tres recintos diferentes: o Auditorio do Concello, os Cines Salesianos e o Museo MARCO**. Ademais o evento cinematográfico incorpora tres novas sesións dedicadas á igualdade, á discapacidade e ao público familiar. Todas as proxeccións son de acceso libre ata completar aforo.

Co obxectivo de fomentar unha sociedade máis inclusiva, **o festival incorpora unha sesión de curtametraxes sobre igualdade. Esta sesión terá lugar o sábado 16** no Auditorio do Concello ás 11 da mañá e proxectaranse oito traballos audiovisuais: 'La voz humana' de Pedro Almodóvar, 'Mamá no trabaja' de María Barragán, 'Monólogo' de Pilar García Elegido, 'Before I die' de Iker Esteibarlanda, 'Cigarrillos' de Rosario Pardo, 'Dolapo is fine' de Ethosheia Hylton, 'The last day of patriachy' de Olmo Omerzu e 'La colcha y la madre' de David Pérez Sañudo. Despois das proxeccións terá lugar a charla AGAG sobre 'Mulleres reais ficticias: o xénero na nova ficción', na que participan os guionistas Ángel Manzano e Lidia Fraga. Tamén estará no festival a directora coruñesa **Paula Cons, presentando o seu filme 'A Illa das mentiras'** o venres 15 ás 21.00 h. nos cines Salesianos. O filme narra a historia de tres mulleres que ante o naufraxio dun buque fronte a Illa de Sálvora deciden botarse ao mar e conseguen salvar a vida de 48 persoas.

As outras dúas novidades do certame son a incorporación de dúas sesións máis. Por unha parte, o xoves a partir das 17.00 h. no Museo MARCO terá lugar unha **sesión específica de curtas arredor da discapacidade**, que conta coa particularidade de que as curtas de ficción teñen como protagonistas actores con capacidades diversas. E o sábado ás 11 da mañá tamén no museo MARCO proxectaranse **oito curtas dirixidas ao público familiar**, para educar aos pequenos na diversidade.

A inauguración do festival de cine terá lugar o martes 12 no Auditorio do Concello cunha retrospectiva de Xavier Bermúdez, a quen o certame rende homenaxe por ser o primeiro director español en gravar un filme cun actor protagonista con síndrome de down. O martes proxectaranse **'León y Olvido' (2004) e 'Olvido y León' (2020) en presenza do propio Bermúdez e da actriz protagonista de ambos filmes Marta Larralde**. Como retrata o deseño do cartel desta edición, creado pola artista de Baiona Lula Goce, o festival que coincide en datas co **Día Mundial da Saúde Mental (10 de outubro) está dedicado a esta temática**. Un tema que é tratado no segundo dos filmes de Bermúdez, cunha Olvido que padece depresión.

Ademais das novas sesións, o festival mantén todas as seccións habituais: o Short-In Doc de curtametraxes documentais pola inclusión, o Vig-In-Doc de documentais internacionais pola inclusión, a sección oficial de ficción, a sesión de curtas audioescritas e subtituladas e o concurso online de webseries, que xa se poden ver e votar [a través da web do festival](#).

Un dos obxectivos co que naceu o festival é o de achegar o sétimo arte a tódalas persoas, por ese motivo varias das sesións do festival son audioescritas e subtituladas para facelas accesibles as persoas con xordera ou ceguera. Na sesión de curtas audioescritas e subtituladas destaca a **proxección de 'Feeling through' de Doug Rolland**. Este filme, nominado aos premios Oscar, foi o primeiro en estar protagonizado por un actor con ceguera e xordera. A proxección terá lugar o sábado 16 pola tarde no Auditorio do Concello.

A Asociación Galega Audiovisual Inclusiva (AGAIN) organiza o VI Festival Internacional de Cine Inclusivo de Vigo, co obxectivo de dar a coñecer, apoiar e **valorar proxectos cinematográficos realizados por e para a inclusión, a igualdade e a difusión universal da sétima arte**. O festival non sería posible sen o patrocinio e colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), da Deputación de Pontevedra, do Concello de Vigo e de Fundación La Caixa.

Para máis información e entrevistas:

<http://www.festivalcinevigo.es/>

prensa@festivalcinevigo.es

659 190 681